

# 26º Certame de narracións breves

MAA  
NUJ  
ELG  
MUR

Eduardo Casal



Paseo fluvial s/n, 15142 Arteixo (A Coruña)  
Tel. +34 981 641 803 (Ext: 4100) / Fax 981 641 879  
cultura@arteixo.org / www.arteixo.org

*O Concello de Arteixo, para contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega e honrar ao noso Patriarca, convoca con carácter anual o Premio “Manuel Murguía” coas seguintes*

## **BASES**

1. Poderán concorrer todas as autoras e autores que o desexen con unha única obra, de temática libre e escrita en lingua galega.

2. Os relatos, que deberán ser orixinais e inéditos en calquera soporte (papel, electrónico, etc.), deberán ofrecer unha extensión non inferior a 15 páxinas nin superior a 30, estar escritos con letra arial, corpo 12 e tamaño DIN A4.

3. Os traballos presentaranse por cuadruplicado, mecanografados a duplo espazo, por unha soa cara e incluírán unicamente na portada o título da obra e un lema ou pseudónimo. Xuntarase unha copia do texto nun CD en formato LibreOffice, Word ou similar. Nun sobre pechado, no que tamén serán visibles o título e o lema, achegaranse no seu interior o título, o lema, o nome, o enderezo, o teléfono e o currículo da autora ou autor.

4. As obras deberán enviarse, facendo constar no sobre “26º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía”, antes do 1 de marzo de 2017 ao seguinte enderezo.

*Concello de Arteixo  
Praza Alcalde R. Dopico, nº 1  
15142 Arteixo  
A Coruña*

5. Establécense tres premios: un primeiro premio dotado con 4.000,00 €, un segundo de 500,00 € e un terceiro de 300,00 €, todos eles sometidos á correspondente retención. Os galardóns poden declararse desertos.

6. O xurado, constituído por membros de recoñecida solvencia, será designado polo Concello de Arteixo e fará pública a súa decisión inapelable no mes de maio de 2017.

7. Os tres finalistas deberán estar presentes o día da entrega para recibir os premios.

8. Os orixinais non premiados poderán ser devoltos, sempre que o soliciten os seus autores por escrito no prazo máximo de un mes a partir do ditame.

9. No caso de que por iniciativa do Concello se editen os textos en papel, os dereitos derivados de tal publicación poderán ser aboados mediante a entrega dun número de exemplares calculado para tal efecto. Os autores farán constar en edicións en papel ou electrónicas posteriores da súa obra que foi premiada neste certame.

10. A interpretación destas bases corresponde exclusivamente ao xurado. O feito de participar no certame supón a aceptación das presentes bases.

Arteixo, novembro de 2016

De conformidade co que dispón a Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Arteixo, para o envío de información relacionada co Certame de Narracións Breves Manuel Murguía. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación e rectificación e oposición comunicándoo por escrito no Rexistro Xeral do Concello.